

## ESTATUTOS

### Capítulo I: Da Asociación en xeral



**Artigo 1.- Denominación e natureza.**- O nome da presente entidade é Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais. É unha agrupación sen ánimo de lucro rexida pola Lei Orgánica 1/2002 e as disposicións que a desenvolvan.

**Artigo 2.- Personalidade xurídica e capacidade de obrar.** A Asociación ten personalidade xurídica independente e plena capacidade de obrar, de acordo co disposto no artigo 5.2 da Lei Orgánica 1/2002.

**Artigo 3.- Fins.** O fin da Asociación é promove-la recuperación, a integración social, a mellora da asistencia e da calidade de vida das persoas que padecen trastornos mentais, así como, a defensa dos seus intereses e dereitos, incluíndo así mesmo a protección das persoas que padecen unha enfermidade mental que sexan menores de idade ou incapacitados.

As actividades desta Asociación non están restrinxidas exclusivamente a beneficiar ós seus asociados, senón abertas a calquera outro posible beneficiario que reúna as condicións e características esixidas pola índole dos seus propios fins.

**Artigo 4.- Medios.** Para levar a cabo este fin, a Asociación poderá:

- 1.- Promover na sociedade unha actitude realista e comprensiva dos problemas das persoas que padecen unha enfermidade mental.
- 2.- Promover e potenciar iniciativas que favorezan a súa integración laboral.

M.º Isabel Penz Bobillo  
M.º José Díaz  
M.º R. Rico Olave  
M.º G. Díaz González  
1



- 3.- Organizar actividades e crear servicios de tipo ocupacional, laboral, educativo, cultural, residencial, de lecer, etc. acordes cos seus fins.
- 4.- Instar ante as autoridades políticas e administrativas medidas que faciliten a integración social das persoas que padecen unha enfermidade mental.
- 5.- Actuar como punto de referencia e apoio para persoas que padecen unha enfermidade mental, familiares e amigos, así como ser un espacio para o intercambio de experiencias e mutua axuda.
- 6.- Ser titor, conforme á normativa vixente, dos incapacitados por enfermidade mental, cando así conveña, se acorde en forme e se tramite polas canles legais.
- 7.- Reivindica-la creación de servicios en materia preventiva, asistencial e de rehabilitación.
- 8.- Reivindicar a equiparación da saúde mental das persoas con enfermidade mental e os seus familiares co resto dos servicios sanitarios, é dicir, que os servicios de saúde mental sexan sempre públicos, gratuitos e en coordinación cos servicios sociais.
- 9.- Reivindicar un tratamento psiquiátrico orientado cara á familia e á comunidade e non cara ó individuo illado.
- 10.- Reivindica-lo control e a participación das asociacións de usuarios da saúde mental nos servíos e órganos relacionados con esta.
- 11.- Fomenta-la organización dos afectados pola enfermidade mental e potencia-la participación da persoa con enfermidade mental.
- 12.- Sensibilizar ás institucións e á opinión pública cara á integración e á aceptación das persoas que padecen unha enfermidade mental e cara á protección dos seus dereitos.
- 13.- Promover e xestionar servíos.
- 14.- Reivindica-la creación de servíos de carácter residencial, así como, a inserción social e laboral das persoas que padecen unha enfermidade mental e a protección dos seus dereitos.
- 15.- Promove-lo cumprimento e desenvolvemento da normativa legal que regula as actuacións no sector.

*José Manuel Pérez Bolívar* *Héctor Díaz*  
*M. S. Rúa Iglesias* *P. Rico* *Manuela*  
*2*

Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais

- 16.- Procurar relacóns de colaboración e federarse con entidades afíns.
- 17.- Ser administradora dos patrimonios especialmente protexidos dos discapacitados constituidos de acordo coa Lei 41/2003.
- 18.- Realizar calquera outra actividade que, dentro da legalidade vixente, sirva para a consecución dos seus fins.



**Artigo 5.- Domicilio.** O domicilio da Asociación establecese no Centro Sociocultural Aurelio Aguirre, Pl. da Igrexa s/n, Conxo, CP 15706, Santiago de Compostela (A Coruña).

**Artigo 6.- Ámbito territorial.** A asociación desenvolve as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.

**Artigo 7.- Duración da Asociación.** A duración da Asociación é indefinida, agás causa legal ou estatutariamente prevista de disolución.

**Capítulo II. Dos órganos directivos e de administración.**

**Artigo 8.- Estructura da Asociación.** A Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais é na súa organización plenamente democrática, respectando os principios constitucionais e os de autogoberno e representación. Os seus órganos permanentes son a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva e o Presidente.

**Artigo 9.- A Asemblea Xeral.**

1.- É o órgano supremo de goberno da Asociación e está integrada por todos los socios. Reunirase polo menos unha vez ó ano e sempre que o decida a Xunta Directiva por propia iniciativa ou a solicitude dunha décima parte dos socios.

2.- As reunións da Asemblea Xeral poden ser ordinarias ou extraordinarias, e estarán presididas polo Presidente.

Ps. Hebe Pérez Bobillo  
M. José González  
M. Ana Tellez

M. José González  
M. Ana Tellez

3



**Artigo 10.- Asemblea Xeral Ordinaria. Convocatoria e funcións.**

1.- A Asemblea Xeral Ordinaria será convocada pola Xunta Directiva obligatoriamente unha vez ó ano e dentro do mes de xaneiro. A convocatoria farase por escrito e remitirase ós socios polo menos con dez días de antelación e conterá a orde do día, o lugar e data de celebración e a hora da primeira e segunda convocatoria, entre as que deberán mediar polo menos media hora.

2.- Son funcións da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Elixir á Xunta Directiva.
- b) Aproba-las contas do exercicio anterior e o orzamento de ingresos e gastos do ano seguinte.
- c) Aproba-lo Plan Anual de actuación e a Memoria anual de actividades e xestión.
- d) Aproba-la enaxenación ou gravame de bens inmóbiles ou a constitución de créditos por importe superior a 60.000 €.
- e) Resolve-los expedientes disciplinarios por faltas graves.

**Artigo 11.- Asemblea Xeral Extraordinaria. Convocatoria e funcións.**

1.- A Asemblea Xeral Extraordinaria será convocada pola Xunta Directiva por propia iniciativa ou a petición dunha décima parte dos socios, mediante escrito dirixido ó Presidente expoñendo o motivo e a orde do día da Asemblea que se pretende convocar. A convocatoria farase por escrito e remitirase ós socios con polo menos dez días de antelación e conterá a orde do día, o lugar e data de celebración e a hora da primeira e segunda convocatoria, entre as que deberán mediar polo menos media hora.

2.- Son funcións da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) As mesmas que as da Asemblea Xeral Ordinaria.
- b) Con carácter exclusivo, a disolución da Asociación e a determinación do destinatario final do seu patrimonio e a modificación dos Estatutos.

**Artigo 12.- Constitución das Asembleas Xerais.** As Asembleas Xerais, sexan do tipo que sexan, quedarán validamente constituídas en

*M.º José Pérez Bolaño  
M.º José Díaz  
J.º M.º González  
M.º Luis González  
M.º Juan Martínez  
M.º Juan Rodríguez  
M.º Juan Vázquez  
M.º Juan Vázquez*

primeira convocatoria se concorrem a metade mais un dos socios, presentes ou representados, e calquera que sexa o numero de membros asistentes en segunda convocatoria.



### **Artigo 13.- Adopción de Acordos.**

1.- Só poderán ser obxecto de exame e votación os asuntos previstos na orde do día, agás que os novos se acepten por unanimidade. Os acordos consideraranse validamente adoptados cando os votos a favor superen os votos en contra, sempre que os Estatutos no prevean expresamente unha maioría diferente. Calquera socio poderá representar a outro. A delegación poderá facerse nun simple escrito coa sinatura do delegante, que se exhibirá á hora da votación. Agás mención expresa en sentido contrario, entenderase que comprende tódolos asuntos da orde do día, pero poderá limitarse a algúns dos seus puntos.

2.- Requirirase dunha maioría de 1/3 dos socios presentes cando estes sexan á súa vez polo menos os 1/3 do total de socios para os acordos relativos á modificación dos Estatutos, a disolución da Asociación ou a enaxenación ou gravame de bens inmobles.

**Artigo 14.- Actas.** Os acordos adoptados nunha Asemblea, sexan do tipo que sexan, recolleranse nun libro de actas diferenciado, que quedará baixo a custodia do Secretario. As actas as redactará e asinará o Secretario co visto bo do presidente, e deberán conter:

- a) Lugar, data e hora de celebración
  - b) O seu carácter ordinario e extraordinario, e neste caso, os impulsores da convocatoria
  - c) Relación dos asistentes, con indicación dos seus cargos na Asociación, se os teñen, así como das persoas representadas e os seus representantes.
  - d) A orde do día da reunión.
  - e) Os acordos adoptados, con indicación expresa do número e orixe dos votos a favor e en contra, e das abstencións.

representantes.

- d) A orde do día da reunión.
- e) Os acordos adoptados, con indicación expresa do número e orixe dos votos a favor e en contra, e das abstencións.





**Artigo 15.- Carácter vinculatorio e executivo dos acordos.** Desde o momento da súa aprobación, e agás que neles se dispoña outra cousa, os acordos aprobados por unha Asemblea Xeral son executivos en tódalas súas partes e vinculantes para tódolos membros da Asociación, con independencia da súa asistencia á Asemblea ou do sentido do seu voto.

**Artigo 16.- Natureza da Xunta Directiva.** A Xunta Directiva é o órgano que xestiona e representa os intereses da Asociación, de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral. Está formado exclusivamente por membros da Asociación que non reciben retribución polo exercicio do cargo. E tentarase que estea composta de maneira que estean representados os dous estamentos fundamentais que componen esta problemática: Familiares e Pessoas que padecen unha enfermidade mental.

**Artigo 17.- Composición da Xunta Directiva.** A Xunta Directiva componse de:

- a) Presidente
- b) Vicepresidente
- c) Secretario
- d) Vicesecretario
- e) Tesoureiro
- f) Catro vocais.

**Artigo 18.- Elección da Xunta Directiva.**

1.- A elección da Xunta Directiva farase na Asemblea Xeral. Tódolos membros da Asociación son electores e elixibles en candidaturas individuais ou colectivas.

2.- As candidaturas, presentaranse por escrito, asinadas por tódolos que aparezan nelas, e deberán conter un suplente para cada cargo ó que se presente un candidato.

M.º Isabel Pérez Álvarez  
M.º Luis González

M.º Félix Díaz

J.º M.º Rodríguez  
M.º R.º González  
M.º R.º González  
M.º R.º González

Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais

3.- A votación dos cargos farase mediante unha soa papeleta na que se relacionen tódolos cargos. Resultará elixido para cada un o candidato que obteña más votos. No caso de empate, celebrarase unha segunda votación entre os candidatos empatados.



**Artigo 19.- Renovación dos seus membros.**

1.- Tódolos cargos da Xunta Directiva teñen unha duración de dous anos, pero os seus membros poden ser reelexidos indefinidamente. Poderán cesar por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumplimento das obrigas que tiveran encomendadas ou por expiración do seu mandato.


2.- A renovación farase por metades. Na primeira quenda sustituirase ó Vicepresidente, Tesoureiro, Vicesecretario e ós vocais primeiro e terceiro, e na segunda quenda, ó Presidente, Secretario e ós vocais segundo e cuarto.

**Artigo 20.- Facultades da Xunta Directiva.**

- a) Velar polo cumprimento dos Estatutos
- b) Programar e dirixi-las actividades da Asociación
- c) Xestionar a Asociación económica e administrativamente
- d) Elaborar e someter á Asemblea Xeral as contas do ano anterior e o orzamento de ingresos e gastos para o ano seguinte.
- e) Executar e facer cumpri-los acordos da Asemblea Xeral
- f) Fixar las cotas ordinarias, as derramas e calquera outras aportacións dos socios
- g) Resolve-las solicitudes de admisión de novos socios
- h) Resolve-los expedientes disciplinarios por faltas leves e elevar á Asemblea Xeral proposta de resolución nos graves
- i) Calquera outro asunto que non estea expresamente reservado á Asemblea Xeral

**Artigo 21.- Convocatoria, adopción de acordos e actas.**

1.- A Xunta Directiva será convocada polo Presidente a iniciativa propia, sempre que o estime necesario, ou a petición por escrito de calquera dos seus componentes. A convocatoria farase tamén por escrito con polo menos cinco



días de antelación á data prevista para ela, indicando o lugar, día e hora da súa celebración.

2.- A Xunta Directiva quedará validamente constituida cando asistan polo menos cinco dos seus membros. Estará presidida polo Presidente, e na súa ausencia polo Vicepresidente, e en ausencia deste polo membro de máis idade presente.

3.- Os acordos adoptaranse validamente cando o número de votos a favor dos presentes supere o de votos en contra, sen que poda haber a delegación de voto. No caso de empate, o Presidente fará uso do seu voto de calidade.

4.- Dos acordos, estenderase a acta oportuna na que se reflectirá o lugar, data e hora da celebración da Xunta Directiva, nome e cargo dos presentes, acordos adoptados e votos a favor, en contra e abstencións e orixe destas. A acta pecharase coa sinatura do Secretario e o visto bo do Presidente. O libro de actas diferenciado quedará baixo a custodia do Secretario.

#### **Artigo 22.- O Presidente.**

1.- O Presidente ostenta a máxima representación, tanto interna como externa, da Asociación. Preside as reunións tanto da Asemblea Xeral como da Xunta Directiva e vixila o cumprimento dos seus acordos. O exercicio deste cargo é gratuito.

2.- Son funcións do Presidente:

- a) Exerce-la representación legal da Asociación fronte a terceiros con plenos efectos. É dicir, suscribir contratos, outorgar poderes, recoñecer débedas, aceptar subvencións, exercitar accións e opoñer excepcións ante calquera órgano xurisdiccional, plantexar recursos, actuar ante calquera Administración Pública, aceptar donacións, herencias e legados, ou calquera outro acto de relevancia xurídica similar ós anteriores, todo isto en nome e representación da Asociación.
- b) Presidi-la Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, e vixila-lo cumprimento dos seus acordos.

*M. José Pérez Botella* *M. Jesús Díaz* *J. García* *M. Gómez* *J. González* *J. Martínez*  
*W. P. Pérez Iglesias* *J. M. González* *J. Martínez* *J. González* *J. Martínez* *J. González*

Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais

- c) Autorizar coa súa sinatura as actas das reunións da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, e os certificados que expida o Secretario.
  - d) Ordena-los pagos e asinalos co Tesoureiro.
  - e) Convoca-las Asembleas Xerais e as Xuntas Directivas
  - f) Calquera outra atribución propia do cargo ou delegada pola Xunta Directiva ou a Asemblea Xeral.



**Artigo 23.- O Vicepresidente.** Encárgase de asistir ó Presidente nas súas funcións e de sustituilo en caso de ausencia.

#### **Artigo 24.- O Secretario.** Son funcións do Secretario:

- a) Redactar e asinar, en unión do Presidente, a acta das reunións da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva
  - b) Custodia-los Libros de Actas da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
  - c) Levar unha relación actualizada dos membros da Asociación e dos cargos que ocupan.
  - d) Expedir certificacións que reflectan o contido total ou parcial dos libros de actas ou de calquera outra documentación da Asociación, co visto bo do Presidente.
  - e) Recibir e tramita-las solicitudes de alta e baixa na Asociación.

**Artigo 25.- O Vicesecretario.** Asiste ó Secretario e o sustitúe en caso de ausencia.

**Artigo 26.- O Tesoureiro.** Son funcións do Tesoureiro:

- a) Recadar e custodia-los fondos da Asociación.
  - b) A levanza dos libros contables e do inventario de bens, que permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da entidade.
  - c) A custodia de toda a documentación contable, incluída a dos exercicios anteriores, que terá permanentemente a disposición dos socios.

obter unha imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da entidade.

c) A custodia de toda a documentación contable, incluída a dos exercicios anteriores, que terá permanentemente a disposición dos socios.



- d) Prepara-los borradores dos orzamentos de ingresos e gastos para o exercicio seguinte e o estado de contas de ingresos e gastos do presente para presentalos á Xunta Directiva.
- e) Emitir informes e realizar proxectos sobre calquera asunto económico ou financeiro que a Asociación lle someta.
- f) Emitti-las ordes de pagamento da Asociación e asinalas co Presidente.

**Artigo 27.- Os Vocais.** Asesoran ó Presidente e ós demais cargos da Xunta Directiva na análise e xestión dos asuntos da súa competencia. Representan á Asociación nas actividades que a Xunta Directiva estime oportuno e asumen o resto das obrigas inherentes á súa condición.

### **Capítulo III. Dos socios. Dereitos e deberes.**

**Artigo 28.- Requisitos para ser socios.** Poderán formar parte da Asociación tódalas persoas físicas con capacidade de obrar e maiores de idade que teñan interese en colaborar ós fins da Asociación. Non se establece un límite numérico ó número de socios da Asociación.

### **Artigo 29.- Membros honoríficos e Persoas ou Entidades Colaboradoras.**

1.- A Xunta Directiva poderá nomear Membro Honorífico ás persoas, físicas ou xurídicas, ou ás institucións que estime oportuno, sen que tal nomeamento leve aparellada a condición xurídica de socio.

2.- Serán Persoas ou Entidades Colaboradoras aquelas que mediante donacións ou de calquera outro modo colaboren coa Asociación sen seren socios.

**Artigo 30.- Admisión de novos socios.** A solicitude de incorporación á Asociación efectuarase por escrito, indicando nome, idade, domicilio, datos de contacto e número do DNI. O Secretario a presentará á Xunta Directiva, que

M.º Juan Pug Bolaño  
F.º Luis López

M.º Juan Pug Bolaño  
F.º Luis López  
M.º Juan Pug Bolaño  
F.º Luis López  
10

**Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais**

poderá solicita-la documentación que estime oportuna ó caso. A decisión da Xunta Directiva sobre a admisión será irrecorrible. De seren positiva, producirá efectos dende ese mesmo momento.



### **Artigo 31.- Dereitos dos socios.**

- a) Asistir, con voz e voto, ás Asembleas Xerais de socios.

b) Ser elector e elixible para ocupar cargos na Xunta Directiva.

c) Coñecer e participar nas actividades da Asociación e facer uso dos seus servicios de acordo coa regulación destes.

d) A seren informados sobre a composición e funcionamento dos órganos de goberno e representación, sobre o contido dos acordos que adopten e do estado de contas da Asociación.

e) A ter acceso, mediante solicitude escrita, a toda a documentación contable da Asociación e a obter copia ou certificación dela.

f) A que os procedementos disciplinarios contra el respecten os seus dereitos de audiencia e defensa, e a que o acordo que lles poña fin sexa motivado e congruente.

g) A impugna-los acordos da Asociación que sexan contrarios á Lei ou ós Estatutos.

h) A expoñer ante os órganos de goberno e representación calquera medida, iniciativa ou suxestión que estime oportuna.

i) A formar parte dos grupos ou comisións que puideran formarse.

j) A causar baixa voluntaria na Asociación.

k) A calquera outro beneficio ou vantaxe derivados da súa condición de socio.

### **Artigo 32.- Deberes dos socios.**

- a) Comparti-los fins da Asociación e colaborar na súa consecución.
  - b) Paga-las cotas, derramas e calquera outra contribución que con arranxo ós Estatutos corresponda a cada socio. A Xunta Directiva, en atención a circunstancias especiais, pode eximir individualmente do pagamento da cota.

M. Graciela Pérez Boticó  
M. Graciela Pérez Boticó

M = Genius Dict 11



- c) Cumprir e respecta-los Estatutos e os acordos adoptados validamente pola Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
- d) Asistir á Asemblea Xeral e desempeñar fielmente os cargos.
- e) Gardar segredo dos feitos e datos que coñeza con razón da súa condición de socio e que afecten á vida interna da Asociación.

**Artigo 33.- Perda da condición de socio.** A condición de socio perderase:

- a) Por separación voluntaria. O socio comunicará á Asociación a súa decisión de causar baixa de forma que quede constancia do seu contido. A separación producirá efectos dende ese momento, extinguíndose os seus dereitos e deberes como socio, agás o de segredo, que se manterá, e sen prexuízo das obrigas que nese momento existiran coa Asociación.
- b) Por separación forzosa. A condición de socio tamén se perderá como consecuencia do acordo de expulsión que poña fin a un procedemento disciplinario.

#### Capítulo IV. Do réxime económico.

**Artigo 34.- Patrimonio inicial e recursos económicos.** No momento da súa constitución a Asociación carecía de patrimonio.

Os recursos económicos da Asociación son:

- a) As cotas, derramas, e outras contribucións dos socios.
- b) As subvencións públicas ou privadas, de calquera Administración Pública, Organismo Autónomo ou Entes dependentes, ou de calquera fundación, asociación, empresa ou particular.
- c) As donacións, herencias e legados que se fagan a esta.
- d) Os ingresos que se podan recibir polo desenvolvemento de actividades propias da Asociación.
- e) Os rendementos do patrimonio que poda adquirir.

*M. Isabel Poyx Bobo* *M. Tania Díaz* *J. Jacobo Gómez*  
*M. R. Rodríguez* *12* *M. R. Rodríguez*



f) Calquera outro ingreso admitido pola lexislación vixente para entidades non lucrativas.

**Artigo 35.- Do exercicio económico e do orzamento.** A Asociación funcionará cun sistema de orzamentos anuais. O Tesoureiro elaborará un borrador do orzamento de ingresos e gastos previstos para o ano próximo que, revisado pola Xunta Directiva, remitirase á Asemblea Xeral para a súa aprobación. O mesmo se fará co estado de contas de cada ano. Este estado de contas referirase ó peche do exercicio económico, que coincidirá co fin do ano natural.

## Capítulo V. Régime Sancionador.

**Artigo 36.- Características.** Para o mantemento da organización interna da Asociación e o cumprimento dos seus fins fixados nestes Estatutos, establecécese o seguinte régime sancionador, de acordo cos seguintes principios e condicións:

- a) Principio de legalidade e tipicidade: As faltas sancionables e as sancións que se impoñan deben estar previstas nestes Estatutos ou nas disposicións que estableza a Asemblea Xeral.
- b) Principio de irretroactividade: As disposicións sancionadoras só poderán aplicarse a feitos posteriores á súa aprobación, agás que sexan más beneficiosas para o infractor.
- c) Principio de competencia: Os procedementos sancionadores só poderán ser instruídos e resoltos polos órganos que estatutariamente teñan tal competencia.
- d) Principio de garantía do procedemento: As sancións só se imporán de acordo co procedemento que se prevea.
- e) Principio de proporcionalidade: Deberase garda-la debida proporción entre a gravidade do feito e a sanción imposta. Para a determinación da sanción se terán en conta, entre outras circunstancias, a existencia de

M. Isabel Pérez Bozzo  
M. Gloria Iglesias

M. Jesús Díaz  
J. M. Rodríguez  
J. L. Rodríguez  
13



intencionalidade, o alcance e natureza dos danos causados e a reincidencia. Considerarase que existe reincidencia se se tivera unha sanción nos tres años anteriores por unha falta similar. Se se trata de sancións pecuniarias, estas non poderán resultar para o infractor máis beneficiosas que o cumprimento das súas obrigas.

f) Dereitos do presunto responsable: O membro incuso nun expediente sancionador ten dereito a seren notificado dos feitos que se lle imputan, da infracción que eses feitos poden constituir e a sanción que esta leva. Ten dereito a coñecer-la identidade do órgano instructor e do encargado de resolver. Ten dereito a realizar alegacións e a empregar todos os medios de proba admitidos en Dereito. Ten dereito á presunción de inocencia, que só poderá ser destruída mediante probas practicadas no expediente. E finalmente, ten dereito a unha resolución final motivada que responda a todas as cuestións plantexadas no expediente.

g) Prescripción: Non se pode iniciar unha acción sancionadora dous anos despois de transcorridos os feitos.

#### **Artigo 37.- As faltas.**

1.- Son faltas leves:

- a) A falta de respecto á Asociación, ós integrantes do seu personal ou dos seus órganos, a algúns dos seus membros, ou ás persoas que padecen unha enfermidade mental e ós seus familiares en xeral.
- b) O retraso superior a dous meses no pagamento das cotas ordinarias, derramas ou doutras aportacións, agás que a Xunta Directiva apreciase a existencia de circunstancias especiais que o xustificasen.
- c) A revelación de datos, conversacións, proxectos ou calquera outra circunstancia da que se tivese coñecemento a causa da pertenza ós órganos da Asociación.
- d) O incumprimento de calquera acordo adoptado por calquera órgano da Asociación.

A series of handwritten signatures in blue ink, including "M. Fernández", "M. González", and other less legible names, are written across the bottom of the page.



e) Calquera actividade desleal contraria ou incompatible coa liña de actuación da Asociación, ou que lle impida ou dificulte o desenvolvemento dun programa previamente acordado.

2.- Son faltas graves:

a) A negativa a pagar ou o retraso superior a catro meses no pagamento das cotas ordinarias, derramas ou doutras aportacións, agás que a Xunta Directiva apreciase a existencia de circunstancias especiais que o xustifiquen.

b) As ofensas graves einxuriosas contra a Asociación, os integrantes do seu persoal ou dos seus órganos, algúns dos seus membros ou ás persoas que padecen unha enfermidade mental e ós seus familiares en xeral.

c) A asunción por algúns dos membros da Asociación de competencias que correspondan a esta ou a actuación no seu nome fronte a calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada.

d) A desobediencia reiterada ós acordos dos órganos da Asociación. Considerarase que existe reiteración pola desobediencia de tres acordos distintos ou a ignorancia o mesmo número de veces dos requisitos para o cumprimento dun acordo que lle faga o órgano que o adoptó.

e) A comisión da terceira falta leve calquera no prazo de dous anos.

#### **Art. 38.- Sancións.**

1.- Para as faltas leves, poderanse impoñer as seguintes sancións:

a) Apercibimento verbal ou escrito.

b) Multa pecuniaria de ata 600 €.

c) Suspensión por un prazo de ata 6 meses da condición de socio.

d) A exclusión na participación ou os beneficios de determinados proxectos da Asociación.

2.- As faltas graves sancionaranse con:

a) Multa pecuniaria de ata 1.200 €. Se a multa se impuxese pola negativa ou o retraso superior a catro meses no pagamento de cotas ordinarias, derramas ou outras aportacións, esta cantidade poderá

*M. Isabel Pérez Bolaño*

*M. Jenís Díaz González*

*M. G. Rúa González*

15



aumentarse ata o 50% do importe da dita cantidad impagada. Desde o momento no que se dicte a resolución que poña fin ó procedemento sancionador, esta suma devengará un interese igual ó legal do diñeiro ata que sexa satisfeita.

- b) Suspensión por un ano da condición de socio.
- c) A separación forzosa da Asociación.

**Artigo 39. - Procedemento sancionador.**

1.- A Xunta Directiva ou a comisión que ela nomee delegando esta competencia, é o órgano instructor de tódolos procedementos sancionadores. Iniciará o procedemento cando por denuncia ou calquera outro medio, o órgano instructor teña coñecemento duns feitos con apariencia de falta.

2.- O órgano instructor dirixirá ó imputado un escrito describindo os feitos que se lle atribúen, a falta que poden constituír e a sanción que podería imponérselle.

3.- No referido escrito ó imputado comunicáráselle que no prazo dun mes, pode presenta-las alegacións que estime oportunas e propone-la proba que deseñe.

4.- O órgano instructor, no prazo dun mes, debe admitir e celebra-la práctica da proba que sexa posible e pertinente. Se o imputado non realiza alegacións, continuará a tramitación do procedemento.

5.- Se se trata dunha falta leve, resolverá a Xunta Directiva. Se é grave, presentará á Asemblea Xeral unha proposta de resolución que esta deberá aprobar. En calquera caso, a resolución debe ser motivada e congruente e responder a tódalas cuestiós do caso.

6.- A resolución que pon fin a un expediente sancionador por falta leve pode ser recorrida ante a Asemblea Xeral no prazo dun mes, o mesmo que, en reposición, a que pon fin a un expediente por falta moi grave. O recurso non suspende a execución da sanción.

7.- Como medida provisional, sen entrar a prexulga-lo fondo do asunto, e mentras dura a tramitación dun expediente sancionador, a Xunta Directiva poderá acorda-la suspensión temporal da condición de socio.

*Maria del Pino Bobillo* *Héctor Díaz* *Jesús* *U. Rizo* *O. Gómez*

*M. A. Pérez González* *D. M. S. Gómez*



## Capítulo VI. Disolución da Asociación.

**Artigo 40.- Causas de disolución.** A Asociación disolverase polas seguintes causas:

- a) Imposibilidade de cumplir os seus fins
- b) Cando se acorde en Asamblea Xeral Extraordinaria convocada con ese único efecto.
- c) Sentencia xudicial firme

**Artigo 41.- Período de liquidación.** O acordo de disolución da Asociación validamente adoptado pola Asemblea Xeral abre o período de liquidación, ata o fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica. Os membros da Xunta Directiva convírtense dende ese momento nos liquidadores da Asociación.

2.- É función dos liquidadores:

- a) Velar pola integridade do patrimonio da Asociación.
- b) Termina-las operacións iniciadas e realiza-las novas que sexan necesarias para realizar a liquidación.
- c) Cobra-los créditos pendentes a favor da Asociación.
- d) Liquida-lo patrimonio e pagar ós acredores se os houbera.
- e) Asegurarse de que o patrimonio sobrante se destina á entidade legalmente constituída que a Asemblea disolutoria determine, e que deberá de ter uns fins e un ámbito similares ós da Asociación ou dedicarse a outras actividades de interese xeral.
- f) Solicita-la cancelación dos asientos do Rexistro.
- g) Promove-lo oportuno procedemento concursal ante o Xuíz competente en caso de insolvencia da Asociación.

*Dra. Helena Pérez Bolíbar* *M. González Díaz* *José María González Díaz*  
*M. C. Rodríguez Gómez* *Nuria* 17



## Capítulo VII. Impugnación xudicial de acordos.

### **Artigo 42. - Impugnación xudicial de acordos.**

1.- Os acordos e actuacións da Asociación poderán ser impugnados por calquera membro ou persoa que, non séndolo, acredeite un interese lexítimo, se os estimase contrarios ó ordenamento xurídico, polos trámites do xuízo que corresponda.

2.- Os asociados poderán impugna-los acordos e actuacións da Asociación que estimen contrarios ós Estatutos dentro do prazo de 40 días desde a adopción destes, instando a súa rectificación ou anulación e a suspensión preventiva de se-lo caso, ou acumulando ambas pretensións polos trámites establecidos na Lei de Enxuizamento Civil. Transcorrido ese prazo, tales acordos adquieren firmeza e son irrecorribles.

Dna. Manuela Pérez Ferreiro, Secretaria da Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais, certifica que os presentes Estatutos están redactados incluíndo as modificaciós aprobadas pola Asemblea Xeral Extraordinaria que a estos efectos tivo lugar o pasado día 29 de xaneiro de 2004.

O que certifico en Santiago de Compostela a un de marzo de dous mil catro.

### **INSCRIPCIÓN DE MODIFICACIÓN ASOCIACIÓN N°.....3664/12.....**

Inscrita a modificación por resolución do .....3.....  
de .....29/01/2004..... de 2004.....  
ó sós efectos de publicidade de conformidade co artigo 22  
da constitución e artigo 16 da L.O. 1/2002.

A XEPA DO SERVIZO



M. Pérez Babillo

H. Jesús Díaz

M. B. Ans. Iglesias

Juan